

Auga que non vas beber non a deixes correr...



.... **Ti aforras e todos gañamos porque cada gota conta.**

A auga é absolutamente necesaria para a vida, sen ela o medio ambiente no que vivimos deteriorase de forma irreversible. O ser humano depende dela. Por iso a súa escaseza pon en perigo a vida de moitas especies incluída a nosa. A súa contaminación converte a auga en inutilizable para calquera ser vivo.

Co seu uso a auga potable pasa a converterse en residual e antes de ser devolta os ríos debe ser depurada.

Ademais potabilizar a auga que consumimos para facela chegar en boas condicións ós nosos fogares supón ó Concello un complexo e custoso sistema de abastecemento e tratamento.

Tendo en conta que cada un de nós consumimos unha media de 300 litros ó día, debemos de tratar de facer un uso responsable da auga e non contaminala.

CONCELLO DE OUTEIRO DE REI



PRAZA DO CONCELLO, Nº1
TLF. 982-393281
correo@concellodeouteiroderei.org



A auga é o sustento da vida; é un recurso limitado. Todos debemos axudar a conservala e usala adecuadamente para poder gozar das nosas fermosas paisaxes.

Concello de
Outeiro de Rei
www.outeiroderei.org



GUIA PARA O
AFORRO DE AUGA
NOS FOGARES

**POR UN USO DA AUGA DE
FORMA RESPONSABLE.**



CONSELLOS PARA O AFORRO DE AUGA NOS FOGARES.

Non esquezas que hai numerosas formas de aforrar auga pero todas empezan por ti.

NA COCIÑA:

- Non laves os pratos baixo a billa. Enche o vertedoiro para enxaboar e despois para aclarar. Isto supón un aforro de 115 litros cada vez.

- Repara inmediatamente as fugas e vixía as billas mal pechadas. Pódense aforrar ata 90 litros ó día.



- Desconxela os alimentos deixándoos na neveira, nunca debaixo da billa. Aforrarás 22 litros por alimento.

- Non laves os alimentos coa billa aberta. Usa un recipiente e así aforrarás ata 10 litros.

- Agarda ata que o lavalouzas e a lavadora estean cheos para usalos e poderás aforrar ata 3700 litros ó mes. Na lavadora e no lavalouzas usa un ciclo adecuado á suciedade, un ciclo longo consume máis auga e máis enerxía.



- Se che gusta a auga fría mete na neveira unha xarra e non deixes correr a auga da billa ata que saia fresca.

NO CUARTO DE BAÑO:

- Non tires nunca ó inodoro medicamentos, restos de comida, bastoncillos dos oídos, etc... o seu destino debe ser o cubo do lixo. Para os aceites de fritura, das latas de conserva, etc, usa sempre a recollida selectiva. Facendo isto evitase contaminar a auga e non dificulta nin sobrecarga o labor das depuradoras.



- Toma unha ducha en lugar dun baño; no baño gastase ata 15 veces máis que nunha ducha



rápida. Podemos pechar a billa mentres nos enxabamos e así aforraremos ata 30 litros de cada vez.

- Utiliza un vaso mentres cepillas os dentes. Mantén a billa pechada mentres enxaboas as mans, e para afeitar-te enche a pía e non deixes correr a auga da billa. Unha billa aberta pode gastar máis de 12 litros por minuto.

- Repara as billas que gotean e vixía as billas mal pechadas. Así podes aforrar ata 90 litros ó día. Unha cisterna que perde auga pode estar desperdiciando máis de 100 litros ó día.



- Ensina ós nenos a pechar as billas adecuadamente para evitar que goteen despois.

- Ten en conta que o cuarto de baño é o lugar da casa onde máis auga se consume, por iso é onde debemos prestar máis atención á hora de modificar os nosos hábitos para poder aforrar auga e tamén enerxía.

NO RESTO DA CASA:

- Vixía se tes fugas ou perdas de auga para reparalas canto antes.

- Se tes xardín planta especies autóctonas, que necesitan menos auga para vivir.

- Aproveita primavera e outono para plantar céspede, nestas estacións as necesidades de rego son menores.

- Reduce ó mínimo a evaporación regando pola mañá cedo cando fai máis fresco.

- Cando lavamos o coche coa manguera consumimos 10 veces máis auga que si o facemos cun cubo e un trapo. Para facer un mellor aproveitamento da auga debemos levalo a unha estación de lavado.

- Usa unha vasoira en lugar da manguera para limpar a beirarrúa, así aforrarás 300 litros de auga cada vez.

- Notifica rapidamente roturas en cañarías, bocas de rego abertas ou calquera outra incidencia ó Concello.

- Fai un propósito de aforro de auga cada día. Aínda que o aforro dun día non supoña moito, a suma será importante e o noso planeta vai agradecercho.



CONCELLO DE
OUTEIRO DE REI



PRAZA DO CONCELLO, Nº1

TLF. 982-393281

correo@concellodeouteiroderei.org

Para resolver calquera dúbida podes poñerte en contacto co Concello.